

OFERTA DE PRAZAS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO BARCO PARA O CURSO 2016/2017:

Grupo **0-1 anos**: **8 prazas** libres de 8 totais
Grupo **1-2 anos**: **4 prazas** libres de 13 totais
Grupo **2-3 anos**: **6 prazas** libres de 20 totais

Quedan reservadas **dúas prazas de emerxencia social** na escola para disposición do Departamento de Servizos Sociais do Concello (5% do total do centro).

CALENDARIO DE INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA:

- Do **1 ó 15 de marzo** , **renovación** para o alumnado que xa está matriculado na escola.
- Do **1 ó 31 de marzo** entrega de documentación dos solicitantes de **ново ingreso** .

O impreso de matrícula facilitarase no propio centro así como na páxina web do concello, <http://www.concellodobarco.org/>.

Unha vez cumprimentados entregaranse no rexistro do concello.

PUBLICACIÓN DE LISTAXES DE ADMITIDAS E ADMITIDOS E LISTAS DE AGARDA:

As **listas provisionais** publicaranse o día **3 de maio**. O prazo de reclamacións é de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ó da súa publicación.

As **listas definitivas** de admitidas/os e de agarda faranse públicas o día **30 de maio**.

Tanto os listados provisionais como os definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios da Escola, así como na porta de entrada ó centro e no Concello.

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA:

As persoas solicitantes que estean admitidas disporán **dende o día 1 ata o día 10 de xuño**, ambos os dous incluídos, para formalizar a matrícula.

A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. De non formalizar matrícula no prazo estipulado, decaerá o dereito a praza aínda tendo reserva ou aparecendo na listaxe de admitidas/os.

PROGRAMA BONO CONCILIA:

As persoas interesadas en participar no programa Bono Concilia da Consellería de Política Social (axuda económica mensual para contribuír ao pagamento do importe da praza nunha escola 0-3 privada ao non acadar praza na pública), deben saber que ao concellérselle esta axuda, aínda no caso de que renuncie a ela, será excluído da listaxe de agarda.

A información relativa ao procedemento poderase consultar na páxina web:
<http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, así como nos teléfonos:
981 18 57 55 / 988 38 65 95

LISTAXE DE AGARDA:

A listaxe de agarda estará constituída polas persoas solicitantes que non obteñen praza, ordenadas segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

O baremo empregado é o mesmo que a Xunta publicado no DOGA do 24 de febreiro de 2016 (Anexo V da Resolución do 18 de febreiro de 2016 na que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3).

As prazas vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as persoas solicitantes en lista de espera.

O alumnado integrante da listaxe de agarda, que se inscriba como candidato ao programa do Bono Concilia será excluído dela ao concedérselle a axuda para a praza, aínda no caso de que renuncien a ela.

O Barco de Valdeorras, 25 de febreiro de 2016